

NORMATIVA III TORNEO PÁDEL A BAÑA

I.- Ámbito. O III TORNEO PÁDEL A BAÑA é un torneo de pádel dirixido principalmente a xogadores amateurs de pádel, e suxeito as normas básicas seguintes e, supletoriamente, as regras de cada torneolocal ou da F.E.P.

A inscrición a este torneo supón a aceptación deste regulamento, das decisións que adopte o comité organizador do torneo, e a renuncia a toda reclamación polos danos que puidesen padecer os xogadores con motivo da súa participación.

II.- Desenvolvemento. O III TORNEO PÁDEL A BAÑA desenvolverase da seguinte maneira: Cada categoría terá un cadro principal e un cadro de consolación.

III. Participantes. Poderán participar no III Torneo de Pádel A Baña xogadores maiores de 14 anos que formalizasen a súa inscrición nos prazos previstos.

IV.- Prezo inscrición. O prezo para participar no III Torneo de Pádel A Baña será de 5 euros por participante. Aquel deportista que participe en dúas categorías pagará en total 8 euros.

A verificación dos requisitos indicados será efectuada polo Comité Organizador do torneo. Apreciado o incumprimento de calquera dos requisitos polo Comité de Organizador, este poderá sancionar o xogador ou parella infractora coa súa inhabilitación para acceder aos premios establecidos ou coa súa descualificación (con retirada inmediata) da competición.

V.- Categorias. Establécense as seguintes categorías, debendo contar cada unha delas cun mínimo de 8 parellas rexistradas:

- Categoría 2º masculina
- Categoría 3º masculina
- Categoría 2º feminina
- Categoría 2º mixta
- Categoría iniciación masculina
- Categoría iniciación feminina

A Dirección Técnica do Torneo poderá subir de categoría a aquelas parellas que o soliciten ou que non entren na categoría axeitada atendendo ao seu nivel de xogo.

VI.- Sistema de Competición. Os xogadores ou parellas participantes integraranse nun só cadro para cada categoría. Os cadros de competición estruturaránse por partidos ao mellor de tres sets, con tiebreak -a 7 puntos se é necesario (empate a 6 xogos). Os xogos disputaranse con punto de ouro. A ausencia dun xogador ou dunha parella ou dun dos seus membros nun dos seus partidos supoñerá, calquera que fose a causa (incluída a lesión fortuíta), a súa eliminación directa, salvo na primeira rolda, na que o Comité de Competición poderá designar un substituto que, necesariamente, deberá cumprir os requisitos establecidos neste regulamento.

VII.- Comité de Competición. Designado polos organizadores, actuará como única instancia para aclarar e finalizar calquera disputa que se suscite no III Torneo de Pádel Baña, incluída a elección das normas da F.E.P. que considere aplicables en cada caso.

VIII.- Cambios. O comité de competición resérvase o dereito de modificar sen previo aviso, en parte ou na súa totalidade, calquera punto relacionado co torneo, categorías, regulamento, datas e campos

IX Cadro e horarios: O comité de competición facilitará o cadro e os horarios do torneo 24 horas antes do inicio do mesmo. En caso de non poder xogar o partido na hora indicada, as persoas

participantes poderán dirixirse ao comité de competición para que faga as pertinentes modificacións se é posible.